


Faro *da* Cultura



Os escritores e mais a Grande Guerra. De arriba abaixo: Bertrand Russell (1872-1970); Ernst Jünger (1895-1998) e Guillaume Apollinaire (1880-1918).

mento a filas obrigatorio,boa parte deles se alistaron de maneira voluntaria.

Sinalemos a Gerald Brenan (anos despois coñecido hispanista) que, aínda que odiaba a vida militar,foi condecorado polo seu valor case suicida; ao xudeu-polaco-alemán Ernst Toller (que ben axiña rexeitou a guerra); Georg Trakl, recrutado como médico e farmacéutico, que se suicidou ante a imposibilidade de salvar os seus compañeiros.

Entre os que caeron en combate,algúns non tiveron tempo ou folgos para escribir sobre a guerra,como Guillaume Apollinaire ou o católico Charles Péguy,morto na batalla do Marne. Entre aqueles que colleron a pluma atopamos a Gabriel Chevallier, autor de *O medo*; Robert Graves e *Adeus a todo isto*; Wilfred Owen, autor de poesías sobre o horror da guerra e caído unha semana antes do armisticio; o comunista Henri Barbusse (*O lume*); Ernst Jünger (*Diario de guerra*); Ernest Hemingway (*Adeus ás armas*); ou as crónicas de Edith Wharton, inspectora da Cruz Vermella na fronte, gañadora do premio Pulitzer (1921).

Pero se tivéssemos que sinalar a escritores que fixeron da vida militar unha prioridade, poñeremos a dous. O primeiro deles, Gabriele d'Annunzio, alistado aos cincuenta e dous anos nos Lancieri di Novara e pasado á aviación en tarefas de propaganda; ultranacionalista, rematada a guerra mantivo a ocupación italiana do Friume, na costa norte adriática. E, o segundo, e por riba de todos, Thomas E. Lawrence. Arqueólogo especializado en Oriente Próximo, como tenente coronel do Colonial Office británico, liderou o proxecto británico de unir as tribos árabes en contra do imperio otomán. Narrou as súas experiencias en *Os sete piares da sabedoría*. A súa figura, esquecida durante anos, ficou inmortalizada por Peter O'Toole na célebre película *Lawrence de Arabia* (David Lean, 1962).



A guerra é, posiblemente, a circunstancia colectiva que máis tensión causa nos comportamentos humanos. E se se trata dunha guerra como a que asolou Europa entre 1914 e 1918, fuxir ou, simplemente, ausentarse no ánimo resultaba imposible. E se aquela guerra superou ideoloxías (a teórica fraternidade proletaria internacional dos socialistas), tamén excede os débiles diques das forzas da cultura. Centrándonos nos escritores, houbos belixerantes a favor da chamada de cadansúa patria e outros –co mesmo argumento pero sen manipular– opuxéronse á contenda.

O primeiro que xustificou a guerra –cabería dicir en maiúsculas: a Guerra– foi Filippo T. Marinetti cando publicou en 1909 o seu *Manifesto fu-*

turista. Este escritor italiano chamaba a opoñerse á acomodación burguesa coa iconoclastia cultural, o desprezo polas mulleres e mais a violencia, da cal formaba parte a guerra, “única hixiene do mundo”. Lonxe de consideralo unha boutade, o propio Marinetti combateu como voluntario nun batallón ciclista, participou na batalla de Vittorio-Veneto (experiencia que lle serviu pa-

ra escribir *L'alcova d'acciaio*) e malia ser ferido en 1917, nunca rexeitou a violencia.

En Alemaña, Thomas Mann deu pleno apoio ao Reich e se ben non se alistou por razóns de idade, mercou bonos de guerra. Actitude que lle levou a enfrontarse co seu irmán Heinrich, activo antimilitarista.

No bando oposto, atopamos aqueloutros escritores que foron mili-
tantes
da

causa da paz: Romain Rolland coa súa novela *Clerambault*; Hermann Hesse e aqueloutros escritores alemáns que atoparon na revista *Die Weißen Blätter*, cando pasou a publicarse en Suíza entre 1916 e 1918, unha plataforma para disenter do belicismo; o austríaco Karl Kraus, símbolo da máis alta esixencia ética; Tristan Tzara, fuxido de Romanía a Suíza; Valentin Bulgakov, secretario e biógrafo de Tolstoi; ou Bertrand Russell, comprometido coa paz ao longo da súa vida e cuxa oposición á guerra pagou coa expulsión do Trinity College (Cambridge) e uns meses de cadea.

Pero se atendemos os diversos escritores que participaron como soldados na guerra mundial, cómpre sinalar que, malia que houbo un chama-

Literatura e trincheiras

Os escritores na Primeira Gran Guerra

JOAQUIM VENTURA

ARTE: A MOSTRA *LATEXOS*
EN AFUNDACIÓN / PÁX. III

ENTREVISTA CO FOTÓGRAFO
RICARDO GROBAS / PÁX. V

LITERATURA GALEGA: LEMBRANDO
A OBRA DE SAMUEL EIJÁN / PÁX. VII